

MARZO 2019

Tab. 1. Viaxeiros, noites, estadia media e graos de ocupación en Estab. Hoteleiros. Marzo 2019

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 19/18	Nº	Var. Int. 19/18
VIAXEIROS	7.542.541	0,1%	236.567	-11,5%
NOITES	21.518.252	-1,8%	458.444	-7,2%
ESTADÍA MEDIA	2,85	-2,0%	1,94	4,8%
% OCUPACIÓN	53,02%	-0,51	28,1%	-1,59
% OCUPACIÓN Fds	61,31%	1,05	35,3%	-1,39

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

- No pasado mes de marzo rexístrase un descenso dos niveis de demanda hoteleira en Galicia en relación ao mesmo período do pasado ano. En particular, cae a cifra de viaxeiros aloxados un 11,5% e o volume de noites un 7,2% en relación ao mes de marzo de 2018.
- O comportamento da demanda neste terceiro mes do ano está moi condicionado pola celebración da Semana Santa, que neste ano celébrase en abril mais en 2018 coincidiu plenamente en marzo. Isto provoca un efecto negativo sobre os resultados deste ano e explica tamén o comportamento irregular da demanda nos últimos anos alternándose períodos de crecemento –en 2013, 2015, 2016 e 2018- con períodos de caídas –en 2014, 2017 e agora en 2019-.
- Con esta tendencia o nivel de demanda deste mes de marzo sitúase por encima das 458 mil noites, cifra obviamente inferior á do pasado ano mais superior á rexistrada en 2017, por exemplo.
- En termos de viaxeiros aloxados a evolución é parella e tamén está condicionada pola celebración da Semana Santa. O seu comportamento nos últimos anos segue o mesmo patrón comentado para o caso do volume de noites.
- En termos de volume a variación da demanda tradúcese na perda de máis de 30 mil viaxeiros aloxados e de preto de 36 mil noites en relación ao mes de marzo de 2018.
- A nivel estatal obsérvase un comportamento algo diferente. No conxunto de España estabilízase a cifra de viaxeiros aloxados mais descende o número de noites –un 1,8%- por mor dunha caída da estadia media –do 2,0% neste caso-.
- Obsérvase neste mes un comportamento relativamente homoxéneo das diferentes comunidades autónomas, con caídas xeneralizadas de diversa intensidade. Catro destinos confirman a excepción a esta dinámica, un porque se mantén estable en comparación co pasado ano –caso de Andalucía- e tres porque conseguen superar as cifras de marzo de 2018 –son Madrid, Extremadura e Castela e León, destinos do interior peninsular-.
- Os trece destinos restantes rexistran caídas de diversa intensidade, sendo relativamente suaves no País Vasco e na C. Valenciana –con descensos inferiores ao 2% interanual- e máis intensos en

Baleares –destino que rexistra un descenso do 11,5%- e en Asturias –comunidade que neste mes rexistra a caída de maior intensidade, do 21,0% en comparación co pasado marzo-.

- En termos de viaxeiros aloxados o ranking é difire un pouco, sendo neste caso seis os destinos de comportamento positivo –Estremadura rexistra o incremento máis notorio- e dez os que amosan, pola contra, caídas de diversa intensidade –tamén neste caso Asturias presenta o descenso máis intenso, do 14,2% neste caso-.
- Rómtese neste mes de marzo a serie de crecementos consecutivos da demanda que se viñan rexistrando nos catro meses anteriores –de novembro de 2018 a febreiro deste ano, xustamente en temporada baixa-, circunstancia provocada en grande medida polo efecto negativo do calendario. Queda pendente observar en abril se continúa a tendencia positiva destes últimos meses.
- Canarias –con preto de 5,7 millóns de pernoctacións hoteleiras- é o destino que lidera o mercado turístico hoteleiro neste mes de marzo –absorbendo o 26,5% do total estatal-. Recupera por sexto mes consecutivo esta posición reforzando o seu liderado nos meses de temporada baixa.
- Logo de Canarias, seguen en orde de importancia neste mes Andalucía –con preto de 3,8 millóns de pernoctacións-, Cataluña –con máis de 3,2 millóns- e a C. Valenciana e Madrid –ambas con preto de 2,2 millóns-. Só estas cinco comunidades absorben en conxunto ao 79% do total da demanda hoteleira de España. O 21% restante repártese no resto do territorio. Galicia ocupa neste mes a novena posición –por detrás das cinco anteriores e de Baleares, Castela e León e Aragón- representando o 2,1% do total estatal.
- En termos de mercado obsérvase un comportamento dispar dos tres grandes segmentos, con variacións de diversa intensidade.
- O turismo interno –aquele representado polos residentes en Galicia- mantense estable neste mes de marzo como consecuencia da combinación de dous factores: caída da cifra de viaxeiros aloxados do 4,6% e crecemento paralelo da estadía media, do 4,8% neste caso. Estabilízase a demanda logo de presentar un comportamento irregular nos últimos anos, alternando anos de crecementos e caídas, circunstancia que coloca o nivel deste 2019 en máis de 171 mil noites.
- O mercado receptor nacional –aquele conformado polos españois procedentes doutras comunidades autónomas- presenta un comportamento negativo e intenso, con caídas tanto da cifra de viaxeiros aloxados –do 20,0%- coma do volume de noites –do 18,4% neste caso-. Este segmento está especialmente condicionado pola celebración da Semana Santa –período vacacional cunha forte compoñente nacional- de aí que o seu comportamento nos últimos anos estea afectado por este evento e polo calendario e presente, en consecuencia, oscilacións moi intensas tanto de subas como de caídas. A dinámica deste ano coloca o nivel final en máis de 191 mil noites –a cifra máis baixa dos últimos catro anos-.
- O turismo internacional marca a excepción neste mes cun incremento dos niveis de demanda –o volume de noites sobe un 8,4%- provocado por unha mellora da estadía media nun contexto no que a cifra de viaxeiros aloxados cae un 3,8% en relación ao mesmo período do pasado ano. Sobe a demanda por segundo ano consecutivo e por cuarta vez nos últimos cinco anos –a dinámica do mercado internacional non se ve afectada pola celebración da Semana Santa-, dinámica que coloca o nivel final deste ano en máis de 95 mil noites –dato que supón un máximo histórico en Galicia neste mes de marzo-.

- Neste mes o peso do turismo internacional sitúase no 20,8% do total da demanda hoteleira, cifra propia dun mes de temporada media-baixa que habitualmente se sitúa por debaixo do 18%. Neste sentido o mercado estranxeiro acada un máximo histórico de peso dentro da estrutura da demanda hoteleira da comunidade.
- O segmento de maior peso neste mes é o mercado receptor nacional –supón o 41,8% do total da demanda hoteleira-. O turismo interno sitúase no 37,4% do total neste caso.
- A nivel territorial obsérvase un comportamento homoxéneo da demanda hoteleira. En particular, descende o volume de noites nas catro provincias galegas con diversa intensidade –de forma máis suave en A Coruña cun 4,2% e máis acusada en Lugo cunha caída do 19,2% neste caso-. Todos os descenso veñen provocados por caídas paralelas da cifra de viaxeiros aloxados.
- Con preto de 197 mil noites hoteleiras, A Coruña é a provincia que absorbe o maior volume de demanda no conxunto da comunidade –representando o 42,9% do total-. Seguen en orde de importancia Pontevedra –co 33,4%-, Lugo –co 12,7%- e Ourense –co 11,1% neste caso-. Con esta distribución obsérvase que o 76% da demanda localízase nas provincias do arco atlántico – porcentaxe equivalente á rexistrada no pasado mes de febreiro-.
- A estadía nos hoteis e pensións de Galicia increméntase neste mes de marzo –un 4,8%-, situándose levemente por encima de 1,9 noites de media. Sobe a estadía media por segundo ano consecutivo colocando o dato deste ano no máis elevado desde o 2014.
- A estadía media hoteleira de Galicia sitúase nunha posición media no conxunto do Estado. Canarias marca o valor máis elevado con 6,7 noites de media, mentres que Castela A Mancha rexistra a cifra máis baixa, con pouco máis de 1,6 noites neste caso.
- O descenso dos niveis de demanda prodúcese nun contexto de axuste da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas cae con menor intensidade, un 1,8%-, circunstancia que leva obviamente a un empeoramento do nivel de ocupación –descende en máis dun punto porcentual para situarse no 28,1% de media para este mes-. A dinámica dos niveis de ocupación en Galicia no mes de marzo segue o mesmo patrón de irregularidade observado para o caso das variables de demanda. Con todo, a cifra deste ano é a segunda máis baixa desde o 2008 –só queda por debaixo do valor rexistrado xustamente no pasado 2018-.
- En comparación coas restantes comunidades autónomas Galicia rexistra neste mes a cifra de ocupación máis baixa do conxunto do Estado. Canarias é o destino que lidera o ranking dos niveis de ocupación a nivel estatal cun 72,5% en marzo. Seguen Madrid –cun 60,3%- e a C. Valenciana –cun 56,4% de media neste caso-. A media do conxunto de España sitúase no 53,0%.
- En termos dinámicos obsérvase que o nivel de ocupación varía de forma dispar a nivel das comunidades autónomas. Mellora en cinco destinos –sendo Extremadura o que presenta o incremento máis notable, de máis de dous puntos porcentuais-, mantense relativamente estable en catro e descende nos oito restantes –neste caso é Baleares o destino que presenta a caída máis notoria, de máis de seis puntos porcentuais-.
- As tarifas hoteleiras en Galicia descenden neste terceiro mes do ano –un 3,8% en particular- situándose en 52,9 euros de media –a segunda cifra máis baixa do conxunto do Estado só por detrás do valor rexistrado en Asturias-. Canarias é o destino que presenta as tarifas hoteleiras máis elevadas neste mes de marzo con 103,0 euros de media. Acadan tamén cifras importantes, por encima da media estatal, Cataluña –con 94,0 euros- e Madrid –con 89,7 euros neste caso-.

Son tres as comunidades que se sitúan por encima da media estatal, que neste mes queda nos 80,9 euros de media.

- Os prezos hoteleiros varían de forma dispar nas diferentes comunidades autónomas sendo maioría aquelas nas que empeoran en relación ao pasado ano –trece en particular-. Cantabria rexistra o descenso máis suave, do 2,0%, mentres que as tarifas descenden con maior intensidade en Asturias –un 12,1% neste caso-. Os prezos soben e mellora en catro destinos sendo Cataluña a comunidade que presenta o crecemento máis notorio, do 7,2% neste caso.
- A caída dos niveis de ocupación neste mes de marzo –froito dun descenso da demanda-, prodúcese nun contexto de caída paralela das tarifas hoteleiras, circunstancia que neste mes leva a que os establecementos hoteleiros de Galicia empeoren os niveis de rendibilidade en relación ao mesmo período de 2018 –o RevPAR cae un 5,7% ata situarse en 17,8 euros de ingreso medio por habitación dispoñible, a segunda cifra máis elevada da década que ao mesmo tempo se sitúa como a máis baixa do conxunto do Estado-.
- Os establecementos hoteleiros de Canarias –con 86,3 euros de ingreso medio por habitación dispoñible- son os que presentan un maior nivel de rendibilidade neste mes de marzo. Sitúanse por diante das restantes comunidades entre as que destaca Madrid –con 66,7 euros-. Galicia marca no lado contrario o nivel de rendibilidade máis baixo con 17,8 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.
- En termos dinámicos obsérvase un comportamento dispar a nivel das comunidades, mellorando o nivel de rendibilidade en sete delas –Cataluña é o destino que presenta o incremento máis notable cun 13,5%- . O RevPAR hoteleiro mantense estable na C. Valenciana e descende en nove –con Asturias presentando a caída de maior intensidade-.

ANEXO – GRÁFICAS DE APOIO

Fig. 1. Evolución noites hoteleiras. Marzo 2011-19




Fig. 2. Peso dos mercados turísticos. Marzo 2019




Fig. 3. Variación da demanda segundo a procedencia. Marzo 2019




Fig. 4. Variación da demanda a nivel territorial (provincias). Marzo 2019




Fig. 5. Evolución da estadía media. Marzo 2011-19




Fig. 6. Evolución das tarifas hoteleiras (ADR). Marzo 2011-19




Fig. 7. Evolución da rendibilidade hoteleira (RevPAR). Marzo 2011-19

